



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VIMIANZO

Proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego para o nomeamento de persoal funcionario interino para funcións de fontanería e mantemento de instalacións de auga (agrupación profesional persoal funcionario), por oposición libre

Por Resolución da Alcaldía núm. 1283/2026, de 21/08/2026, aprobáronse as Bases reguladoras para a formación dunha bolsa de emprego para o nomeamento de persoal funcionario interino para funcións de fontanería e mantemento de instalacións de auga do Concello de Vimianzo, e convocouse o correspondente proceso selectivo.

As bases reguladoras publicáronse no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica do Concello de Vimianzo e estarán á disposición das persoas interesadas na sede electrónica municipal.

As persoas interesadas poderán presentar as súas solicitudes de participación no proceso selectivo no prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, de conformidade co establecido na base cuarta da convocatoria.

As solicitudes presentaranse preferentemente por medios electrónicos a través da Sede Electrónica do Concello de Vimianzo, sen prexuízo dos demais medios de presentación previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

O resto das condicións e requisitos da convocatoria serán os establecidos nas bases reguladoras.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Vimianzo, 26 de agosto de 2026

A alcaldesa

Mónica Rodríguez Ordóñez

2026/5646